

4º
CONCURSO

PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EDUCATIVA

HAZLO VERDE

MISIÓN SOMOSLARAÍZ

#PLASTICFREE



UNIDADE 3 | A ECONOMÍA CIRCULAR


ÍNDICE

1. A ECONOMÍA CIRCULAR

2. IMPACTO E PEGADA AMBIENTAL

3. CARACTERÍSTICAS DUN PRODUTO

4. WEBGRAFÍA



1. LA ECONOMÍA CIRCULAR

A economía circular é un modelo que avoga pola **redución dos refugалlos, a explotación racional dos recursos e o coidado medioambiental**.


O cambio require **reconsiderar** os modos en que se producen os produtos, minimizando o impacto ambiental que xeran, xa sexa durante a súa fabricación ou durante a loxística de desprazamento, distribución e almacenamento.

O novo desafío que se formula consiste en **cambiar a economía lineal**, que se basea na extracción dos materiais e os seus procesos de transformación e produción, consumo e eliminación, que non teñen en conta os conceptos de sostibilidade e pegada ambiental.


A economía circular trabállase mediante un novo enfoque de todas as fases de **desenvolvemento, a reparación, a reciclaxe, a reutilización e refabricación dos produtos**.

O papel dos consumidores tamén é importante, pois cando se cambia a perspectiva e o padrón de consumo, **consúmese menos e mellor**.


Os cambios de actitude poden ser desde minimizar o consumo das bolsas de plástico e substituílas por bolsas de tela ou rafia, ata reflexionar sobre o novo uso que se lle pode dar a un obxecto ou un produto antes de tiralo ao lixo, establecendo novas funcionalidades, ou actitudes como reciclar os refugалlos domésticos.




Se queres saber máis, consulta estes vídeos ou proxectos na aula:



<https://www.youtube.com/watch?v=zCRKvDyyHml>



https://www.youtube.com/watch?v=lbbQaBM846Q&list=PLX-T_ozykG-VakV38sna_tXQDvbyrgF-4vw



<https://www.youtube.com/watch?v=76RnsC9JSc4>



https://www.youtube.com/watch?v=Cd_isKtGaf8



https://multimedia.europarl.europa.eu/en/search?q=economia+circular&sn=true&st=EPV_REPLA Y-EPV_VIDEO_FOOTAGE-EPV_EDITED_VIDEOS-EPV_PHOTO-EPV_AUDIO&ut=&lg=es_ES&at=1



https://multimedia.europarl.europa.eu/en/search?q=economia+circular&sn=true&st=EPV_REPLA Y-EPV_VIDEO_FOOTAGE-EPV_EDITED_VIDEOS-EPV_PHOTO-EPV_AUDIO&ut=&lg=es_ES&at=1



O caso das botellas retornables

Ao longo da segunda metade do s. XX, as bebidas e refrescos que se vendían en botellas de vidro, devolvíanse ao comercio no que se efectuou a compra unha vez consumidas. Por unha banda, o consumidor recibía unha pequena cantidade de diñeiro, e por outro lado, a empresa da bebida recuperaba un envase para a súa posterior reutilización.

A redución do impacto medioambiental e o aforro enerxético en todas as fases de fabricación, produción e loxística eran considerables: aforro das materias primas, aforro enerxético na fabricación e diminución do impacto medioambiental coa redución da súa presenza en vertedoiros, a redución da contaminación que se xera ao queimar menos combustible, tanto na produción como no transporte.



2. IMPACTO E PEGADA AMBIENTAL

A **economía circular** tamén contempla, dentro da súa visión integral, todas as fases de desenvolvemento de calquera produto. Desde a creación dun produto ata a súa eliminación, pasando polos recursos, os refugallos, a enerxía necesaria... todo iso desde un punto de vista **racional e eficiente**, optimizándoas.



“Segundo a Unión Europea, máis do 80% dos impactos medioambientais relacionados cun produto determínase durante a fase de deseño e desenvolvemento.”
Libro Verde sobre a política de produtos integrada da UE.

<https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/?uri=CELEX%3A52001DC0068>



Así pois, os produtos poden ser deseñados para ser sostibles se se reflexiona realmente na mellora das distintas fases que interveñen, cun **impacto positivo sobre a contorna**. Para iso, involúcranse a todos os axentes que interveñen no seu desenvolvemento: desde os provedores, fabricantes e distribuidores, pasando polos comercializadores e consumidores, así como a administración pública.

Esta implementación dá lugar ao cambio dos aspectos prácticos **do deseño sostible** incluíndas as seguintes **consideracións**.

FACTORES DO ECODESEÑO

USO MÍNIMO DE MATERIAL

Reducir ao mínimo a cantidade de materiais que se utilizan para a fabricación do produto.

MELLOR ELECCIÓN DE MATERIAIS

Seleccionar os materiais máis sostibles, innovadores e menos contaminantes.

DESEÑAR PARA FACILITAR O DESARMAMENTO DO PRODUTO CON MAIOR FACILIDADE

Modular as partes integrantes dun produto para facilitar a reciclaxe das súas partes con maior facilidade, ou intercambiando pezas auxiliares que alonguen a vida útil do produto.

REUTILIZACIÓN OU RECICLAXE DO PRODUTO AO FINAL DA SÚA VIDA ÚTIL

No mesmo sentido que o punto anterior, deseñar o produto en módulos de forma que poida efectuarse unha reciclaxe selectiva.

CONSUMO MÍNIMO DE ENERXÍA


Optimizar os recursos enerxéticos que se empregan durante as fases dun produto.


FABRICACIÓN SEN PERIGO OU CONTAMINANTES

Eliminar de forma sostible os refugallos perigosos ou contaminantes que se producen durante as fases de desenvolvemento dun produto.


UTILIZACIÓN DE TECNOLOXÍAS SOSTIBLES

Recorrer ás tecnoloxías innovadoras e sostibles para permitir e optimizar as consideracións técnicas das distintas fases de desenvolvemento dun produto.






Consulta estos vídeos para saber mäs sobre as propostas que está levando a cabo a Unión Europea:



https://multimedia.europarl.europa.eu/en/search?q=economia+circular&sn=true&st=EPV_REPLA Y-EPV_VIDEO_FOOTAGE-EPV_EDITED_VIDEOS-EPV_PHOTO-EPV_AUDIO&ut=&lg=es_ES&at=1




https://multimedia.europarl.europa.eu/en/search?q=economia+circular&sn=true&st=EPV_REPLA Y-EPV_VIDEO_FOOTAGE-EPV_EDITED_VIDEOS-EPV_PHOTO-EPV_AUDIO&ut=&lg=es_ES&at=1



DINÂMICA REFLEXIVA

Durante o proxecto de prototipo de produto, reflexionade:
Cando os teus alumnos e alumnas estean a pensar no produto, pide que reflexionen sobre estes factores realizando as seguintes preguntas:



- Cal é o custo das materias primas?
- Pódese reutilizar un material para minimizar os custos de produción?
- Pódese reutilizar un material catalogado de refugallo e outorgarlle un novo uso?
- Os procesos de transformación e manipulación son prexudiciais ou beneficiosos para a contorna?
- Canta cantidade de enerxía é necesaria?
- Existe no mercado algún material que custe o mesmo pero que sexa máis fácil de reciclar?
- Que alternativas me ofrece o mercado actual?

3. CARACTERÍSTICAS DUN PRODUCTO.

Un produto é un ben tanxible que reúne unha serie de características que permiten a súa venda no mercado.

Un produto cumpre cunha serie de atributos que cobren unha necesidade no consumidor, e que reportan unha serie de funcionalidades ou utilidades.


Estes atributos son a **calidade, a homoxeneidade, os materiais e a embalaxe ou envase.**

CALIDADE	Son as características que garanten e definen a eficacia e durabilidade do produto. As propiedades físicas e materiais coas que está feito o produto, así como as características que satisfán a súa función e utilidade.
HOMOGEINEIDADE	A homoxeneidade do produto garante a produción en serie así como a súa viabilidade.
MATERIAIS	Son os compoñentes que configuran as características físicas do produto. Pódese distinguir entre o material primario co que está feito o produto daqueles materiais que serven para a súa montaxe, auxiliares ou secundarios.
EMBALAXE, ENVASE	É o soporte físico do produto, que cumpre coas funcións de protexelo, facilitar o seu transporte, así como facilitar o uso do produto ou garantir a súa conservación. Por outra banda, o envase proporciona información sobre o produto e actúa como reclamo, chamando a atención do consumidor.

Durante o proxecto de prototipo de produto, analízade

Estes son os aspectos técnicos básicos a ter en conta á hora de “pensar” o produto que ides crear.

Tédeos en conta cando sigades os pasos da metodoloxía proxectual que vos facilitamos na Unidade Didáctica 2 “O proceso creativo aplicado ao produto”.



4. WEBGRAFÍA

<https://www.ellenmacarthurfoundation.org/circular-economy/what-is-the-circular-economy>

<http://www.plastico.com/temas/Reciclaje-y-Sostenibilidad>

<http://www.plastico.com/temas/El-diseno-sostenible-en-ingenieria+3061431>

https://economiacircular.org/wp/?page_id=62

<https://eco-circular.com/2016/07/04/el-ecodiseno-un-fator-clave-en-una-economia-circular/>

